




BOLETÍN Nº 156  
Abril 2024

## MENDIFILM VIGO

27, 28 e 29 de febreiro.



5ª Edición da Mostra de Cine de Montaña- Mendi Tour Vigo organizada polo Club Montañeiros Celtas.

O evento realizouse no auditorio do Concello de Vigo co patrocinio da Concellería de cultura.

O éxito de público demostra o atractivo desta modalidade de cine na nosa cidade ademais do valor divulgativo da mesma.

Ao longo de tres días rozamos case o cheo e gozamos de historias inéditas e imaxes sorprendentes.

A sesión escolar fixo vibrar e rir aos colexios participantes.

## AS EXPLORACIÓNS POLARES CONTADAS POR CHUS LAGO

venres 16 de febreiro

Tivemos o pracer de recibir a Chus Lago e á súa curmá Silvia. Chegaron cargadas de obxectos e de atrezzo para facernos viaxar con ela.

Transmitiu a suá paixón sobre os exploradores polares e fixo partícipes aos máis novos e novas dalgúns momentos históricos: do único intento de chegar ao Polo Norte en globo aerostático, do primeiro Zeppelin que alcanzou o Polo Norte, do primeiro voo na Antártida...

Contou coa axuda dos montañeiros máis pequenos que se disfrazaban e cambiaban de nome cada vez que Chus explicaba unha expedición ou aventura.

Finalizou con anécdotas sobre as súas expedicións que engancharon e fixeron rir a todas e todos os presentes que encheron o local.



# CEA SOCIAL 2024

## Cea, baile e entrega de medallas

sábado 17 de febreiro

O bo ambiente estivo presente en todo momento. O evento comezou cunha recepción na propia cafetería do Hotel Los Galeones onde os socios e socias puideron degustar unha variedade de aperitivos e bebidas mentres ían chegando máis e máis convidados a este encontro que, ano tras ano, celebramos nun tono distendido, de festa e con moita alegría .

Como cada ano recibimos a visita do alcalde e despois dos postres tivo lugar a tradicional entrega de medallas aos socios que cumprían os 25 e 50 anos de fidelidade ao club.



## Da bota ríxida aos **gatos**

**Un percorrido pola evolución do material de escalada a través do tempo no Faro de Budiño.**

venres 22 de marzo

Moi interesante a charla onde Boni mesturou máxicamente a evolución dos materiais utilizados na escalada con simpáticas e asombrosas anécdotas ocorridas en Faro de Budiño e protagonizadas por un irrepitible grupo de escaladores que el mesmo denominou "La New Wave".

Así soubemos que as primeiras escaladas en Budiño fixéronse con botas ríxidas de coiro, que os comezos foron en escalada artificial con estribos e que non só eran escaladores senón tamén inventores de material como o "boni", un empotrador inventado polo mesmo Boni e que foi comercializado por unha marca moi coñecida de material de escalada.



**Debuxo dunha zona de Budiño onde se atopa a vía Siniestro Total.**



**Boni durante un momento da charla**

# BICI DE MONTAÑA POR REDONDELA E BISBARRA

## Domingo 10 de marzo

O pasado 10 de marzo o responsable da sección de bicicleta de montaña, Xulio, tiñanos organizada unha saída para coñecer os montes que circundan a vila de Redondela.

Inicialmente a saída tiña que se ter feito no mes de febreiro pero foi aprazada pola alerta meteorolóxica para ese día. Non melloraron moito os pronósticos do tempo no domingo 10 pese ao cal, un grupo de 6 valentes, acudiron á chamada de Xulio.

O percorrido, saíndo da Xunqueira, en Redondela, discorreu polo Camiño de Santiago para afrontar a primeira subida á ermida da Peneda que ofrece unhas vistas espectaculares da enseada de San Simón, Rande e toda a Ría de Vigo así como os montes de Soutomaior. A primeira sorpresa foi ver pousada nunha árbore unha especie de ave exótica, un papagaio que resultou ser a mascota dun paisano que explicou que a tiña que sacar a voar como se fai cos animais de compañía ademais de ilustrar aos pedalisas con todo tipo de detalles sobre a vida e costumes destas aves.



Este papagaio foi o protagonista do día



## Econtros coa fauna exótica na Peneda de Redondela

Deixando atrás a ermida da Peneda, os valentes ciclistas dirixíronse ao cumio do que sería o punto máis alto do percorrido, o miradoiro do Monte Monzón. Na subida o tempo deu unha tregua e recompensou aos presentes cuns raios de sol que foron moi ben recibidos.

Dende aí, por unha baixada de pista forestal rápida chegaron a Amoedo onde fixeron unha parada técnica para recuperar folgos e a hidratación perdida nos esforzos da última ascensión.

Quedaba o último tramo que os levou de volta a Redondela onde esperaba un merecido avituallamento que puxo a guinda no pastel dunha gran saída de BTT. Fernando Blanco

DATOS DA SÁIDA:

DISTANCIA: 25.22 Kms. ASCENSIÓN

TOTAL: 721m. VELOCIDADE MEDIA:

11.1 Km/h

# BARRANCO NO BARBANZA

## Domingo 23 de marzo

O día estaba despexado e iso animou moito ao persoal. A actividade comezou cuns pequenos destrepes que nos levaron ata uns divertidos tobogáns a través dos cales accedimos a un plano inclinado cun rápel duns 40m. Case inmediatamente enlazamos con outro rápel de 35 m que era un pouco máis vertical, logo viñeron dous rpeles máis longos, de 60 m aproximadamente e que se realizan a modo de tobogán. Para rematar este divertido e espectacular descenso deixámnos arrastrar por un último tobogán de 20 m de lonxitude que nos precipita con boa recepción na poza final.

Dificultade: V3A21



# Pequemarcha no galiñeiro

Domingo 17 de marzo

Logo de adiala por mal tempo, comezamos a tempada no Gali. Quedamos no parque forestal e desprazámonos ata a portela de Lombo da Zorra, onde iniciamos a ascensión cara ao vértice xeodésico, punto máis alto da serra (708 m), facendo antes de chegar unha paradiña para tomar algo. Había "veteranas/os" (como medraron!!!!) e "principiantes"...coa mesma ilusión.

Logo de coroar o vértice, dirixímonos á Cova da Becha, facendo unha parada para comentar a lenda e percorrela entrado pola boca e saíndo por unha das aberturas de arriba, onde dábamos conta algúns maiores da cara de felicidade da xente miúda logo da trepada.

Xantamos nas proximidades aproveitando o bo tempo e vendo como a néboa ía ascendendo desde o mar, seguíndonos.

Despois de xantar e as paroladas



volvemos ao lugar de saída e baixamos nos coches ata o cruce, atopándonos con "peques" que non puideron vir pola mañá, para visitar os petróglifos Auga da Laxe (importantes a nivel mundial). Espadas, puñais, escutiformes e alabardas foron contemplados entre a néboa polas caras curiosas de grandes e peques. Paramos na parte exterior do cercado para "ver" a mámoa máis destacable (co valado pechado. Seguimos sen entender por que non hai un paso para persoas que a queiran gozar) e visitamos as instalacións do curro do Gali coas explicacións do funcionamento... no que saíu o comentario da magnífica peli da V Mostra de cine de montaña e aventura Hermelinda y Diandra na que puidemos coñecer a unha das protagonistas e a Pablo Vidal, un dos codirectores.

Co sorriso na cara e o cansazo no corpo despedímonos ata a próxima..... Emilio Ballesteros



## SENDEIRO TRILLOS DE MOURO. MELGAÇO

**Domingo 3 de marzo**

Comezamos o sendeiro no pobo de Cela, punto de saída e tamén de chegada, xa que a ruta de uns 19 km é circular.

O primeiro tramo do percorrido realizámolo sobre unhas pasarelas de madeira despois das cales chegamos á Capela da Boa Morte, en Couso. Dende aquí baixamos por camiños de pedra e algunha que outra corredoira ata cruzar o río Mouro. Continuamos por unhas pistas ata unha gran ponte colgante que atravesamos cara a outra banda do río. Unha rede de sendeiros nos levan por pequenas aldeas como Paco, Lagarteira ou Parada de Monte. Volvemos ao encontro do río Mouro para tomar unhas levadas que nos conducen, como non podía ser doutra maneira, entre muíños. Logo de pasar pola capela de Nosa Señora da Vista emprendemos o último tramo para chegar ao punto de partida.

José Bautista



## SENDEIRO EN CASTRO LABOREIRO

**Domingo 14 de abril**

Nesta ocasión realizamos unha ruta circular de 16 km saíndo do pobo de Asureira, pobo que pertence ao Trilho de Castrexo e que forma parte dun conxunto de pobos de inverneira. O percorrido realizado correspóndese coa metade da ruta dende Asureira ata Castro Leboreiro, pasando por Podre, Barreiro, onde puidemos visitar o forno comunitario así como bonitas carballeiras e grandes soutos. Dende aquí subimos á Chanca de Gontamil. Accedemos a esta zona alta pola cara Norte de Castro Leboreiro, o cal atravesamos para saír pola cara sur.



Dirixímos logo ao encontro co río Castro Laboreiro polo cal baixamos gozando das súas pequenas fervezas. Máis abaixo cruzamos á marxe esquerda a través dunha ponte colgante para dirixirnos ao pobo de Bago da Cima, outro dos pobos de invernia que neste momento está completamente abandonado a pesar de contar cunhas casas realmente boas. Seguimos o noso camiño ata chegar a Bago, que non Bago da Cima. Cruzamos dúas veces máis o río para enfiar de novo cara Asureira, non sen antes atravesar unha das pontes máis grandes deste trilho. José Bautista

## BICI DE MONTAÑA POLOS MONTES DE COTOBADE

**Domingo 7 de abril**

Dende a casa do concello, en Carballedo, comezamos a subir cara ao monte Castelo para dende aquí dirixirnos ata o monte Coirego, máxima altura da zona e que ademais conta cun observatorio astronómico, un día haberá que facer unha nocturna para poder ver as estrelas. Gozamos das fermosas vistas deste cumio de 774 m de altura.

A maior parte do percorrido foi por pistas forestais sendo a súa dificultade de grao medio e unha duración catro horas. ML



## SEGUINDO AOS ROMANOS. OS BAÑOS

**Domingo 21 de abril**

A primeira saída do ano foi moi especial, dous rapaces da Sección Xuvenil planearon, organizaron e guiaron esta saída. Foi todo un orgullo ver como as novas xeracións van tomando o relevo e xa se imaxinan nuns anos como vogais da sección.

Esta ruta levounos ao Xurés, saíron dende Lobios seguindo as pegadas dos romanos ata as termas. Realizaron uns 12 km con subidas e baixadas bastante pronunciadas e cun sol espléndido, Simón e Iago aprenderon a usar o *gps* e guiaron ao resto do grupo mentres que as monitoras, Conchi, Bego e Roberto, observaban e animaban aos máis pequenos a seguir e non renderse. Houbo parada para comer polo camiño e logo ter a recompensa das termas onde puideron desfrutar dunha boa hora de baño e xogos.



# SEMANA SANTA

Do 28 de ao 31 de marzo

## no Xeoparque de Villuercas. Cáceres

Non recordan os socios unha Semana Santa tan absolutamente pasada por auga aínda que a xulgar polos comentarios, isto non foi impedimento para pasalo realmente ben. Xa se sabe que a adversidade une e fomenta a camaradería.

A pesar de que os camiños se convertiron en acaudalados ríos e a ventisca foi compañeira incondicional, fixéronse todas as rutas previstas e aínda quedou tempo para un pouco de turismo.



Unha das cousas que máis nos sorprendeu foi o verde que é Extremadura, polo menos a zona onde estivemos. Aloxámonos nun albergue municipal situado nuha preciosa, preciosa e enorme dehesa. De feito se saías a pasear entre as lomas e encinas, arriscábase a perder de vista o albergue e ter que dar mais dunha volta para atopalo.

En canto ás rutas, os camiños eran sendeiro fácil de facer, o que pasou foi que chovía tanto que os camiños convertíronse en ríos, pero literalmente, é dicir, utlizábamnos as botas como se fosen escarpíns, acabamos calados. Fixo frío, nevou, granizou, lostregou, bueno, un pouco de todo pero, aínda así, o sitio valeu a pena porque é precioso, precioso.



O último día, un pequeno grupo decidimos non ir a montaña porque a previsión era que ía chover moito. Decantámonos por facer turismo, estivemos en Trujillo e en Mérida. Trujillo encantoume. Mila



Edita: Club Montañeiros Celtas. Edición: Amelia Lago Andión  
 Colaboran neste número: Emilio Ballesteros, Fernando Blanco, José Bautista Fernández, Mila Iglesias,  
 Imprime: Copypucho  
 DP: vg-40-1998

	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
M A I O	1	COPA PROVINCIAL ESCALADA IDADE ESCOLAR	ESCALADA
	5	PEQUEMARCHA	M.AMBIENTE
	12	SENDEIRO AS PORTAS DO GERÉS	SENDEIRO
	11 E 12	BICI MONTAÑA VEIGA	BICI MONTAÑA
	17-19	ARRIBES DEL DUERO	MONTAÑA
	17-19	SEGUIENDO OS ESPELEOTEMAS	INFANTIL-XUVENIL
X U N O	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	1 E 2	CAMPAMENTO BARRANCOS	ESPELEO
	1 E 2	XEOPARQUE COUREL	MONTAÑA
	8	COPA PROVINCIAL ESCALADA IDADE ESCOLAR	ESCALADA
	8 E 9	BICI MONTAÑA CEDEIRA	BICI MONTAÑA
	15	ESCALADA	ESCALADA
	16	SENDEIRO AS PORTAS DO GERÉS	SENDEIRO
	22 E 23	PEQUECAMPAMENTO	M.AMBIENTE
	22 E 23	OPERACIÓN BENXAMIN EN TREVINCA	INFANTIL-XUVENIL
X U L I O	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
	7	SENDEIRO	SENDEIRO
	13 E 14	SEGUIENDO AS ESTRELAS - BIVAQUE	INFANTIL-XUVENIL
	20-21	CAMPAMENTO SOCIAL	SOCIAL
	21	BICI MONTAÑA	BICI MONTAÑA
A G O S T O	DÍA	LUGAR E ACTIVIDADE	SECCIÓN
1 AO 10	SERRA NEVADA - ALPUJARRAS	MONTAÑA	



**Publicorreo  
Óptimo**

**CLUB MONTAÑEIRO CELTAS**  
 Avda Camélias, 78. Oficina K - 36211 Vigo  
 Teléfono: 986 438 505  
[www.celtas.gal](http://www.celtas.gal) / [info@celtas.gal](mailto:info@celtas.gal)